

A xestión patrimonial do mosteiro de Celanova na Baixa Idade Media*

M^o BEATRIZ VAQUERO DÍAZ

Universidade de Vigo

RESUMO

Este traballo ten como obxectivo a análise da xestión patrimonial do mosteiro bieito de Celanova, das estruturas administrativas nas que se agrupan as propiedades e dos seus responsables relixiosos e laicos.

Palabras clave: Celanova, mosteiro bieito, patrimonio administración.

SUMMARY

The aim of this work is to analyze the patrimonial administration of the benedictine monastery of Celanova. This includes the analysis of the administrative structures of the properties and of the people in charge of them, both religious and lay.

Keywords: Celanova, benedictine monastery, patrimony, administration.

O estudio da organización e xestión patrimonial do mosteiro de San Salvador de Celanova durante a Baixa Idade Media é o obxectivo deste traballo. A colección diplomática baixo-medieval do mosteiro, obxecto da miña tese doutoral, serve como base documental para a súa realización¹.

Centraremos a nosa análise na administración das posesións do mosteiro de San Salvador de Celanova, posto que os mosteiros de San Pedro de Rocas, Santa Comba de

* Este traballo foi realizado dentro do Proxecto de Investigación "O Bispado de Ourense na Idade Media: documentación e estudos", concedido pola Universidade de Vigo na convocatoria do ano 2002.

1 Vaquero Díaz, B., *Colección Diplomática do Mosteiro de San Salvador de Celanova (Ss. XIII - XV)*. En prensa. A partir de agora citarase como *C. D. Celanova*.

Naves, Santa María de Ribeira, San Salvador de Monte Córdova e San Pedro de la Nave, se ben son prioratos de Celanova, gardan na obtención e xestión do seu patrimonio, así como na realización e custodia da súa documentación, unha grande independencia da casa matriz ata fins do século XV.

A severidade e o carácter arbitrario do proceso de deterioro e mutilación que sufríu o arquivo do mosteiro de Celanova a partir da exclaustación no ano 1835, dificulta a elaboración dun estudio cuantitativo fiable sobre a cantidade, calidade e concentración xeográfica do patrimonio celanovense². Sen embargo e dado que para cumprir co obxectivo deste traballo, era necesario aportar sequera unha somera panorámica da distribución espacial do patrimonio da institución, recurriuse a elaboración dun mapa que recolle o emprazamento dos celeiros nos que a casa matriz recibe as rendas provintes das súas posesións (figura 1).




Fig. 1. Mapa dos celeiros de Celanova.

Este mapa revela a existencia de tres zonas principais en canto á concentración da riqueza patrimonial do mosteiro. Sen lugar a dúbida a máis importante, polo volume e o valor dos bens situados nela, é a da Terra de Celanova, que comprendía durante o período

2 Sobre este proceso véxase, Gallego Domínguez, O., *O arquivo do mosteiro de Celanova*. Madrid, 1991, pp. 25-27.

que estudiamos, os seguintes dominios do mosteiro: o Val de Celanova, a Encomuña, o concello de Bande, o couto de Arnoia, o xulgado da Vestiaria, Sande, Macendo de Montes e San Mamede de Grou, así como o reguengo formado pola Terra de Milmanda, Vilanova e o señorío de San Muño de Veiga pertencente á orde de San Xoán³.

En segundo lugar figura o couto de Mixós co seu celeiro de Pazos (nº 42), que situado nas inmediacións de Verín, circunda á poboación de Monterrei, señorío dos condes de Monterrei durante a Baixa Idade Media. Zona de grande riqueza económica, é escenario de frecuentes enfrontamentos entre o mosteiro e os teentes do castelo de Monterrei, polo que o patrimonio monástico desa zona recibe unha especial atención e coidado, con frecuentes visitas realizadas polos procuradores e representantes de Celanova que, desde un punto de vista documental, xeran abundantes memoriais de foros, apeos e demarcacións.

Por último, un espacio que non depende xurisdiccionalmente de Celanova, situado ao leste da Terra na Xurisdicción de Celme e ao sur do río Limia. Nestes espazos a actividade señorial e recaudatoria céntrase na granxa de Candás (nº 33) e no celeiro de Laroá (nº 36), hoxe concello de Xinzo de Limia.

Polo que respecta á administración xeral do patrimonio sabemos que esta era unha das funcións primordiais do prior, ao tempo que existían diversos departamentos administrativos, oficios ou *oveenças* á fronte das que o abade situaba a membros da comunidade que recibían o nome de *obedienciarios* ou *ovençais*. Estes departamentos administrativos ocupábanse de tarefas especiais para o servizo da comunidade (comida, vestido, tesouro, etc.) e co tempo serán a causa da subdivisión das propiedades da abadía en grandes lotes ou conxuntos de bens, designados por extensión coa mesma palabra e que teñen como obxecto garantir os recursos necesarios aos oficiais ou obenzais encargados delas⁴.

Celanova plasma só parcialmente este deseño administrativo porque, se ben é certo que subdivide e integra unha parte das súas propiedades en obenzas, conserva a maior parte das súas posesións sen dividilas dentro da mesa conventual. A administración destas posesións organízase entorno a enclaves señoriais centralizados en granxas, pousas e celeiros, e xestionados por mordomos do mosteiro que probablemente dependían do prior. En calquera caso, as diferencias entre as funcións e destiño das rendas de cada unha delas non residen na súa constitución coma obenzas. Así a Encomuña, nunca nomeada como obenza senón identificada como xulgado, proporciona dende a súa granxa en Paizás as rendas precisas para o sustento da comunidade, mentres que a obenza de Mixós resposta a un esquema máis próximo ao das granxas cistercienses⁵.

3 Na figura números 1 a 30 e 37 a 41. Sobre a xurisdicción medieval do mosteiro durante a Idade Media na Terra de Celanova véxase, Pérez, F.J., Durany, M. e Vaquero, B., "A Terra de Celanova na Idade Media", *Miniús*, X, 2002, pp. 143-158.

4 Lawrence, C. H., *El monacato medieval. Formas de vida religiosa en Europa Occidental durante la Edad Media*. Madrid, 1999, pp. 151 e 154.

5 Para a Encomuña véxase De la Cueva, Fr. B., *Historia de los monasterios y prioratos anejos a Celanova*. Edición, notas e índices de M^o T. González Balasch. Granada, 2001, p. 263. Respecto ao modelo de explotación agrícola cisterciense en Galicia, véxase Portela Silva, E., *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*. Santiago de Compostela, 1981.

Amén da mesa conventual e das obenzas existe en Celanova, como nas restantes casas bieitas, unha mesa do abade, que na documentación aparece citada por primeira vez no ano 1378 ao incorporarse a ela a igrexa de San Xés de Ribadavia. Valorar a súa importancia no conxunto do patrimonio monástico é difícil, posto que aparece unicamente en oito documentos ao longo do período que estudiamos. Neles adxudícanse como propiedades a igrexa de San Xés de Ribadavia, unha aldea en Mourillós, un lugar en Ourille, dous casais en Feal e Amoroce e os foros e dereituras de varios lugares en Acevedo do Río e na Degaña. Á vista destes documentos poderíase aventurar a hipótese de que a mesa do abade contase con rendas provintes sobre todo do patronato e presentación de igrexas, dos dereitos xurisdiccionais e de propiedades territoriais de certa envergadura como aldeas, lugares e casais. En calquera caso a xestión do seu patrimonio non parece xerar ningún oficio especial, séndolle encomendada ao mordomo do mosteiro⁶.

1. O PATRIMONIO NON INTEGRADO EN OBENZAS

Diciamos antes que os elementos vertebradores do patrimonio celanovés non integrado en obenzas eran as granxas, pousas e celeiros.

Os celeiros, edificios que serven de almacén para todo tipo de rendas agrarias en especie, aparecen citados na nosa documentación xunto cunha serie de edificacións auxiliares destinadas á recollida de rendas en especie entre as que se atopan tullas, lagares e adegas. Parece innegable a especialización das tres últimas –tullas para o grao e lagares e adegas para a fabricación e almacenaxe de viño–, mentres que os celeiros recollen todo tipo de rendas en especie. O carácter de almacén polivalente do celeiro é evidente no caso do celeiro de San Breixo de Celanova no que os foreiros deben pagar unha renda fixa de seis marabedís e *de cada cuba que vosa non for que se ver chea de vinno, hun açunbre de vinno en cada anno* ou do celeiro da Peneda no que se recollen rendas forais que inclúen a *quarta parte do pescado que tomardes ena canal et naseyros*⁷.

Ningún destes almacéns ten, sen embargo, carácter de centro señorial en sí mesmo. Na maior parte dos casos forman parte das edificacións anexas ás igrexas e a eles van parar as rendas xeradas polas distintas propiedades da parroquia cando os contratos forais inclúen o servizo de acarreo das rendas en especie como obriga dos foreiros. A razón de que se designen celeiros parroquiais como centros de recollida nos foros, estriba posiblemente na necesidade de asegurar o transporte das rendas en especie sen que isto supoña un gravame excesivo para os foreiros, ao acortar a distancia que deben percorrer. De feito, en ocasións os rectores das igrexas parroquiais aforan as instalacións anexas a elas

6 A incorporación da igrexa de San Xés de Ribadavia ten lugar por mor do intercambio que realizan o mosteiro de Celanova e o bispado de Tui, no cal Celanova entrega o mosteiro de Curuxo e recibe a devandita igrexa. *C. D. Celanova*, nº 181, 182 e 183. Para as propiedades da mesa abacial véxanse tamén *C. D. Celanova*, nº 472, 692, 722, 727, 760, 795 e 825.

7 *C. D. Celanova*, nº 382 e 162.

con ese fin, como no caso de Diego López, rector de San Breixo, igrexa parroquial de Celanova, que afora *hun çereiro que he da dita minna igreia que esta antre a dita igreia et o rego de auga que v<a>y para a cortina da dita igreia*⁸.

Granxas e pousas revisten un maior carácter de centro señorial, de tal xeito que serven como vertebradores dos espazos xurisdiccionais do mosteiro e tamén das propiedades que éste posúe fóra dos seus dominios ao integrar as edificacións e terras de cultivo, as rendas xeradas nese espacio e a vasalaxe dos seus habitantes. Esta é a situación descrita na toma de posesión da granxa de San Cibrao que no ano 1494 levan a cabo Xoán Chamorro e Vasco Rodríguez, xuíz e mordomo respectivamente de Pazos, Verín e Mixós. En nome do mosteiro ambos os dous *se entremeteron et a entraron et tomaron a posesyon da dita granxa por soo et pedra et terra et con todas suas demarcaçios de casas et herdades et arbores e requeriron aos caseyros, foreyros, çesorios e trebutarios da dita granxa de San Çibrao, asy aos presentes commo absentes, que de oje en diante non dian nen pagen nen acodan nen conesçan con cousa alguna de paga nen de foro nen outros dereitos de paan, nen de vynno, nen de la, nen de lynno, nen de outras cousas que a dita granxa rende e pode render en cada hun anno salvo ao dito seu mayordomo e que esteveran a mandamento sugeitos do dito monesteyro et sennor don avade et prior et convento del et de outro non, commo vesinos et vasalos sularegos del*⁹.

O mesmo carácter semellan ter as pousas, coa simple diferenza de que o seu eixo vertebrador é a propia *pousa* ou edificación cun carácter habitacional e señorial, segundo se desprende da definición do *Elucidario* de Santa Rosa de Viterbo “estância, residência, aposentadoria, em que o cobrador dos foros reais devia pousar, estar ou residir, e receber todo ou parte do seu mantimento”¹⁰. Este carácter de centro señorial reflíctese na descripción que da pousa de Castrelo do Val faise na documentación de Celanova cando o conde de Monterrei no ano 1487 entrégalla a frei Pedro de Prado, procurador de Celanova, *con todaslas casas [et ca]sares et vynnas et herdades et arbores e cousas a dita pousa tocantes [et] pteçentes e lla entergo commo dito he con toda su jurdeçion çybyl et c[rimi]naal*¹¹.

Granxas, pousas e celeiros serven polo tanto para vertebrar a xestión dalgúns dos coutos e terras de maior importancia no conxunto patrimonial celanovés como se pode observar nas figuras 1 e 2.

8 C. D. Celanova, nº 382.

9 O lugar de San Cibrao pertence á parroquia de Santa Cruz de San Cibrao, hoxe concello de Oimbra. C. D. Celanova, nº 904.

10 Voz “*pousa*” en Santa Rosa de Viterbo, Fr. J., *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram*. Porto, (1ª ed. 1798/99) reimpresión 1993, p. 489. A pousa é definida por Vitor Manuel Migués para a Galicia de época moderna como “unha casa fidalga –casa en minúscula, e por tanto referíndose só á fábrica física e non á “Casa” entendida como institución– con algunhas características de granxa, tal e como se definía en moitas comarcas da Galicia interior.” Vitor Manuel Migués, *As Terras, as pousas e os vinculeiros. A fidalguía galega na Época Moderna*. Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 2002, p. 52.

11 C. D. Celanova, nº 793.




Fig. 2. Mapa da distribución de granxas e pousas de Celanova.

Seguindo o mapa de oeste a leste e de norte a sur, atopámonos en primeiro lugar co couto de Arnoia. O celeiro de Arnoia, centro “donde confluían as rendas das propiedades de Celanova no vello *commisso* de Eires, e dos enclaves de Barra e Abruciños” segundo José Miguel Andrade, aparece continuamente na documentación de Celanova a partir da primeira mención no ano 1246¹². Ademais da existencia dun celeiro e adega no couto, a fins do século XV temos constancia da existencia dunha granxa en Arnoia. Non sabemos cando foi creada pero no ano 1496 os representantes dos mosteiros de Celanova e Melón reúnen-se *ena granja e monesteiro de Arnoya* para chegar a un acordo sobre pesqueiras no Miño¹³.

En Terra de Sande o protagonismo recae na parroquia de Anfeoz na que se sitúa a pousa, granxa e celeiro de *Regin*, aínda que esta terra conta con outro celeiro no propio lugar de Sande¹⁴. Tamén ao norte do río Arnoia o couto de Macendo de Montes contaba cun celeiro que aparece citado dende o ano 1475¹⁵.

12 C. D. *Celanova*, nº 51. Andrade Cernadas, J. M., *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*. Sada-A Coruña, 1997, p. 136.

13 C. D. *Celanova*, nº 920.

14 Nun foro de 1480 feito sobre a granxa de *Regin* fálase da *casa grande que esta mais correxida*, dato que nos fai pensar se esa edificación podería ser a mesma que anos despois, no 1493, é a causa de que se fale da pousa de *Regin*. C. D. *Celanova*, nº 700 e 870.

15 C. D. *Celanova*, nº 651.

Polo que respecta ao couto de Rabal cos casares de Bobadela, observamos durante estes séculos unha situación peculiar en canto á súa xestión, alternando períodos de aforamentos con outros de usurpacións durante os séculos XIV e XV¹⁶. Sen embargo, naqueles intres nos que o mosteiro ostenta o control das súas propiedades no couto, a documentación revela a existencia dunha pousa, que actúa como centro señorial, tal e como aparece no foro que Celanova fai a Álvaro de Sanguñedo, á súa muller e a catro voces da *poussa de Rabal con sua adega*, no que se indica que deben levar as rendas ao *çeleyro desa fregesya*¹⁷.

Citabamos ao comenzo deste traballo á Encomuña como un dos casos típicos que lembraban á estrutura cisterciense de organización do patrimonio en granxas. Definida claramente cun criterio xeográfico e dotada dunha granxa en Paizás, unha pousa en Freixo e catro celeiros, cun elevado número de rendas destinadas á manutención da comunidade, a Encomuña revélasenos como un dos territorios que presentan unha maior coherencia en canto á súa explotación.

O Val de Celanova, como non podía ser doutra forma é o territorio con maior concentración de propiedades e tamén instalacións de recollida de rendas: nove celeiros entre os que parece destacar o celeiro do mosteiro que recibía boa parte das rendas das parroquias máis próximas á vila de Celanova; unha granxa en Amoroce e o couto de San Paio en Veiga que, identificado por José Miguel Andrade como obenza na Alta Idade Media, aparece na nosa documentación unicamente como couto, sen que se mencione nunca a existencia de granxas, pousas nen celeiros no seu territorio¹⁸. O Val ten tamén, como veremos máis adiante, a maior concentración de propiedades integradas en obenzas.

Finalmente, o couto de Bande centra a súa actividade recaudatoria e señorial na granxa de San Pedro de Bande e, ao igual que o couto de Arnoia, conta cun celeiro neste mesmo lugar e outros dous, un deles en Cadós e o outro en Garabelos. En Bande como en Arnoia, existe tamén un nexa evidente entre a ubicación da granxa e a igrexa, de tal xeito que nun foro do ano 1466, Celanova cede *todaslas herdades da nosa granja de Vaande que jasen ena dita aldea de Villameaa et ena aldea de Bujan e mais todaslas outras que nos vos destes enas ditas aldeas para dita igreja* e as rendas procedentes deste aforamento deben ser levadas *ao noso çelleiro et tulla da dita igreja*¹⁹.

16 Aforados primeiro a Xoán Pérez de Nova e a súa muller dona Maior e despois á filla destes dona Marina Pérez, ao seu marido Xoan Fernández de Limia e ao seu fillo Rodrigo Fernández, unha vez rematado o aforamento en 1366 por morte da última voz, fóronlle usurpados ao mosteiro en dúas ocasións. O fin do foro por morte de Rodrigo Fernández data de 1366, e durante o período temporal que sigue, o couto de Rabal afóraselle vitaliciamente a dona María de Limia, ata que no ano 1442 morta dona María, Celanova pode recuperalo; *C.D. Celanova*, nº 153 e 319. Temos ademais noticias da usurpación do couto de Rabal por Diego Pérez Sarmiento e dona Tareixa de Zúñiga en 1460 e 1462 e pola condessa de Santa Marta e o seu fillo, Bernaldiño Sarmiento ata 1467, ano no que Henrique IV ordea que se lle devolva a Celanova. E por último en 1486 o conde de Ribadavia, Bernaldiño Sarmiento, usurpa o couto novamente; *C. D. Celanova*, nº 493, 522, 577, 578, 789 e 801.

17 *C. D. Celanova*, nº 586.

18 Véxase Andrade Cernadas, J. M., *op. cit.*, p. 136.

19 *C. D. Celanova*, nº 569.

2. O PATRIMONIO INTEGRADO EN OBENZAS

A existencia das obenzas ou rendas é rasgo común á organización patrimonial dos mosteiros bieitos. Ao estudar a organización administrativa de Celanova nos séculos X ao XIII, José Miguel Andrade distingue catro *deganeas* ou decanías (*Baroncelli*, San Fiz, Santa Baia de Berredo e Santa María de Bobadela) e dúas obenzas (Mixós e San Paio de Veiga)²⁰. Este sinxelo panorama complicase nos séculos seguintes, de tal xeito que o mosteiro de Celanova contará alomenos con once obenzas. Enunciadas por orde alfabética son as seguintes: Alberguería, Aniversarios, Cociña, Enfermaría, Mixós, Obra, Pelicas, Santa Baia, Santa María, Tesouro e Vestiaria.

Todas elas teñen un certo carácter territorial, posto que os bens de que dispoñen sitúanse xeralmente nun radio de poucos kilómetros, probablemente para facilitar a xestión e o control das terras e rendas que posúen, nun momento de frecuentes problemas cos moradores dos coutos e xulgados que, pola vía legal ou pola forza, intentarán continuamente sustraer ao mosteiro unha parte do seu patrimonio.

Sen embargo, en función do destiño das súas rendas podemos distinguir dous tipos de obenzas, as vinculadas aos oficios da abadía e as que teñen un carácter eminentemente territorial²¹.

As nove obenzas que prestan servicios á comunidade son: a obenza da Alberguería que proporciona aloxamento aos visitantes; a obenza dos Aniversarios que se ocupa dos sufraxios *post-mortem*; a obenza da Enfermaría que proporciona coidados e repouso aos enfermos; a obenza da Cociña que non parece ter relación co abastecemento do refectorio nen por conseguinte coas rendas da Encomuña²²; a obenza da Obra que se ocupaba da fábrica da igrexa; a obenza das Pelicas que, atendendo ao seu nome, ocupárase das peles usadas como roupa de abrigo na cama ou como alfombras para o chan²³; a obenza do Tesouro, encargada dos obxectos valiosos; e por último, a obenza da Vestiaria que tiña como función primordial a de ocuparse dos vestidos.

Se observamos o mapa das obenzas de Celanova (figura 3) que sinala a distribución das súas propiedades, vemos que todas as obenzas de oficio, salvo a das Pelicas e a Vestiaria, tenden a concentrar as súas propiedades no Val de Celanova ou nas súas inme-

20 Véxase Andrade Cernadas, J. M., *op. cit.*, p. 136.

21 Este carácter dúplice nas obenzas é rexistrado tamén no mosteiro de Toxosoutos por Francisco J. Pérez, que clasifica as obenzas en dous grupos, aquelas que respontan con fidelidade ao modelo bieito e teñen unha orientación de “oficio” ou departamento administrativo, e aquelas outras que son definidas por un topónimo e revelan unha organización da produción en granxas provinte ou cando menos semellante á dos mosteiros cistercienses; Pérez Rodríguez, F. J., *O mosteiro dos Santos Xusto e Pastor de Toxosoutos na Idade Media (séculos XII-XIII)*. A Coruña, 2002, pp. 64-66.

22 Na documentación baixo medieval de Celanova aparecen citados unicamente seis cocifeiros nos anos 1272, 1298, 1317, 1380 e 1491. C. D. *Celanova*, nº 66, 93, 104, 186, 843.

23 A pelica é definida por Isaac Alonso Estravís como “pele de ovella ou carneiro que conserva a lá, usando-se como alfombra ou sobre a roupa da cama”, voz “pelica” en Alonso Estravís, I., *Dicionário da Língua Galega*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995, p. 1132. Tería polo tanto esta obenza unha función complementaria á da Vestiaria ao suministrar a roupa de cama e casa.

diacións. Esta concentración é un fenómeno tan importante que, incluso entre a escasa documentación conservada en relación ás obenzas, aparecen foros nos que as propiedades de distintas obenzas limitan con frecuencia entre sí. Isto é o que sucede na freguesía de Mourillós no ano 1464 cando Celanova afora *o casal da Moreyra asy como parte con o casal de Mandraans que trage Rodrigo de Mandraans et seu jenro que he da renda do Tesouro et con outra herdade de Maria Gonçalves que he da renda de Santa Maria et con os casares do outro que traje Afonso de Pena Alta que son da dita renda do Tesouro...*²⁴.



Fig. 3. Distribución dos bens das obenzas do mosteiro de Celanova.

Só dúas entre as que chamamos obenzas de oficio non contan con bens no Val de Celanova. A primeira delas, a Vestiaria caracterízase pola súa lonxanía do mosteiro, a forte identidade e cohesión que amosa como xulgado e couto e a necesidade de atender unha función tan básica no seo da comunidade como é o vestido²⁵. De feito, a súa localización no ángulo formado polas ribeiras do Miño e o Arnoia, no actual concello de

²⁴ C. D. *Celanova*, n° 536.

²⁵ Así frei Benito de la Cueva falando do couto de Refoxos ou da Vestiaria di “esta renta de Refoxos, que es de quien bamos hablando, llamaron renta de la Vestería, que es lo mismo que renta de donde a los monxes se les hacía el vestuario y daba el vestido...”. De la Cueva, Fr. B., *op. cit.*, p. 263.

Cortegada, convértena nunha zona de grande riqueza pola produción agrícola e vitivinícola e polas rendas derivadas da Barca de Filgueira que garantía o paso do Miño²⁶.

A segunda, a obenza das Pelicas centra as súas propiedades no sur do Limia e ten como celeiro de referencia o do mosteiro de San Pedro de Laroá. Antigo priorato de Celanova que foi cedido por Fernando II a un tal Paio Díaz en 1164 coa aquiescencia do abade don Paio²⁷. Esta cesión separouno do patrimonio celanovense como tal priorato, pero a igrexa parroquial conserva un certo carácter centralizador de xeito que os foreiros de herdades pertencentes á obenza das Pelicas deben levar as rendas aínda no ano 1459 *ao noso çeleyro de San Pedro de Loroaa*²⁸.

Existe un segundo grupo de obenzas que teñen como seña de identidade primordial o seu carácter territorial, recibindo o seu nome dun topónimo e que se corresponden con coutos de forte identidade e consolidada administración. Este é o caso de Berredo que, situado en plena Terra de Celanova, aparece como decanía na Alta Idade Media, como couto e obenza nos séculos XIII ao XV e como priorato na Época Moderna e Contemporánea²⁹.

Polo que respecta á obenza de Mixós e segundo afirma José Miguel Andrade, as decanías de Baronceli e San Fiz de Pazos e a propia obenza, están vinculadas ao control de Verín. Tal vinculación plásmase na documentación baixomedieval unindo sistematicamente os tres ámbitos que citamos no Couto de Mixós, Pazos e Verín e reunindo na obenza de Mixós e polo tanto no seu obenzal e mordomo o control das rendas dos tres espazos. Así no ano 1484 emprázase aos moradores de Mixós, Pazos e Verín para que presenten os foros que teñen de Celanova, *enos lugares de Paços et Verin que son sujetos a granja de Mixoos*³⁰.

3. OS XESTORES DO PATRIMONIO

Os cargos de maior responsabilidade á hora de decidir cal debe ser a administración patrimonial monástica son ostentados polos propios relixiosos de Celanova, se ben é certo que os límites a esta responsabilidade son evidentes. De feito, unha das decisións e accións primordiais na xestión, como é a realización de contratos de foro, está sempre encabezada na intitulación polo abade e convento ou ben polo abade, prior e convento. A necesidade dunha actuación colexiada á hora de aforar os bens do mosteiro queda

26 Véxase Gallego Domínguez, O., *As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no Antigo Réxime*. Ourense, 1999, pp. 55-56.

27 De la Cueva, Fr. B., *op. cit.*, pp. 105-109.

28 *C. D. Celanova*, nº 466.

29 Para a Alta Idade Media véxase Andrade Cernadas, J. M., *op. cit.*, p. 136. Para a Baixa Idade Media, como couto *C.D. Celanova*, nº 792 e 824, e como obenza *C.D. Celanova*, nº 274, 330, 435, 588, 629, 734, 735, 749, 790 e 825. Para a Idade Moderna véxase Gallego Domínguez, O., *El archivo del monasterio de Celanova*. Madrid, 1991, pp. 14-15.

30 Andrade J. M., *op. cit.*, p. 136 e *C.D. Celanova*, nº 761.

claramente evidenciada nun documento do ano 1448 no que o prior e monxes de Celanova deben dar, co fin de que os aforamentos sexan legais, o seu *poder conprido ao dito sennor don abade para que por nos e en noso nome et do dito seu moesteiro et monjes del podese aforar et aforase quaesquer herdades et vinnas et casas et adegas et outras quaesquer cousas et beens perteesçentes aa ovença de Moxoos*³¹. En caso de non ter sido autorizado por un poder da comunidade monástica calquera aforamento realizado sen a explícita participación desta última, sería nulo³².

Así mesmo, á hora de reclamar propiedades pola vía xudicial ou recibidas en base a algunha sentenza o mosteiro comisiona a algún membro da comunidade ou a algún laico –“home do abade”–, como procurador autorizado de forma específica para esa ocasión, contradecendo a teoría que asocia o sistema de administración bieito que subdivide o patrimonio en obenzas á fronte das que coloca a un membro da comunidade, cunha perigosa independencia destes oficiais respecto da comunidade e un insuficiente cumprimento das súas obrigas monásticas³³.

Tampouco temos demasiadas mencións de obenzas que reciban propiedades en calidade de doazóns nas que o doador deixa constancia da súa preferencia por unha obenza en particular. Esta situación, que podería aumentar o patrimonio dalgunha delas, aparece só nunha ocasión entre a nosa documentación cando ao facer a relación de bens da capela de Santa Catalina, fundada polo abade don Alvaro de Oca, fálase de dous pardiñeiros que deixou á obenza de Mixós³⁴.

Respecto á xestión das propiedades da mesa conventual, á súa fronte non aparece como sería de esperar o celareiro. Esta figura é mencionada na documentación de Celanova unicamente a partir dos anos noventa do século XV e nunca en actitude de exercer como xestor destes bens, senón como testemuña ou procurador do mosteiro³⁵. Os priores, sen embargo, aparecen constantemente na documentación de Celanova dende o ano 941 e, polo tanto, non parece excesivamente arriscado supor, que a falta de celareiro, era o prior quen ostentaba o cargo de maior responsabilidade no que respecta á xestión do patrimonio, como “superior” dos obenzais e mordomos nas obenzas ou unicamente destes últimos nos restantes coutos e terras. Moitas máis dificultades preséntanse

31 *C. D. Celanova*, nº 362.

32 Só unha vez que o abade recibiu o poder do prior e convento, pode traspasalo sen merma de lexitimidade ... *averemos por firme et estable agora et daqui endeante polo dito tempo et [vos]es que asy os ditos aforamentos foron feitos et outorgados et foren daqui endeante porlo dito sennor don abade et perlos ditos frey Lopo, bachiller, et Gil Rodrigues et por outros quaesquer que poder para elo ouveren do dito sennor don abade. C. D. Celanova*, nº 362.

33 Sobre o poder para representar ao abade e mosteiro véxanse entre outros *C. D. Celanova*, nº 523, 761, 794, 806 e 833. Sobre o incumprimento das obrigas véxase Lawrence, C. H., *op. cit.*, pp. 153 e 154.

34 *C. D. Celanova*, nº 697. Sobre as doazóns dirixidas a unha obenza en particular véxase o caso do mosteiro de Toxosoutos en Pérez Rodríguez, F. J., *op. cit.*, p. 65.

35 As primeiras mencións de celareiros celanovenses deben esperar á derradeira década do século XV, na que o celareiro Xoán Branco aparece como testemuña en catro documentos do ano 1491 e Xácome Sanxurxo, tamén nomeado como celareiro e prior de San Pedro de la Nave, faino en calidade de procurador de Celanova. *C.D. Celanova*, nº 841, 842, 843, 848 e 876.

á hora de pretender detallar as súas funcións posto que a documentación non as menciona directa nen indirectamente³⁶.

A figura do obenzal definida por Léo Moulin como un oficial nomeado polo abade ou o prior e especializado en distintas materias de subsistencia, non parece axustarse ben ao cometido dos obenzais en Celanova, donde se ben é certo que durante o século XIII temos algúns exemplos de obenzais que xestionan plenamente as súas tenencias –como o obenzal de Mixós que no ano 1294 pide unha copia da carta de delimitación do couto como proba cara o futuro–, a situación cambia radicalmente a partir do século XIV e sobre todo no século XV. A partir dese momento quen recolle as rendas e se ocupa das materias de subsistencia é o mordomo que traballa ás ordes dos obenzais³⁷.

Como responsables dos bens integrados nas obenzas, os obenzais ocúpanse de funcións máis vinculadas coa representación que coa práctica cotiá da administración, actuando como vicario do abade e da comunidade e recibindo xunto a eles a vasalaxe e obediencia dos foreiros, de tal xeito que a fórmula de vasalaxe utilizada é, durante todo o período que tratamos, semellante a esta do ano 1298, na que os foreiros deben ser *vassallos obedientes et mandados ao moesteiro de Cellanova et ao nosso oveñçal do Thesouro*³⁸. Asemade, os obenzais reciben sen intermediación dos mordomos as colleitas de verán e inverno e nunha única ocasión, no ano 1459, os touciños que os moradores do Val de Celanova deben dar ao mosteiro³⁹. As colleitas definidas polo *Elucidario* de Santa Rosa de Viterbo como “certo foro e pensao que os vassalos pagavam ao príncipe ou senhorio, quando este vinha à terra uma vez cada ano e, nao vindo, lha nao pagavam. Porém, com o rodar dos anos, se foi introduzindo o pagarem-lha, posto que, com efeito e pessoalmente, nao viesse”, aparecen na nosa documentación vinculadas aos obenzais en tres ocasións no século XV e, na primeira delas do ano 1422, os foreiros dun casal de Celanova en San Salvador de Sabucedo deben entregar ademais das dereitas acostumadas para o mosteiro *huna coleyta de yverno et outra de verraao ao ovee<n>çal*⁴⁰.

Fronte ao que ocurría noutras obenzas o papel executivo do vistriario, matiza a teoría da pouca relevancia na xestión dos obenzais, en primeiro lugar, polo feito de seren dous os vistriarios e unicamente un o mordomo, e en segundo lugar, por ser o obenzal quen recibe no ano 1424 as searas mensuais⁴¹.

36 Véxase Andrade Cernadas, J. M., *O Tombo de Celanova*. Santiago de Compostela, 1995, nº 418 e Sáez, E. e Sáez, C., *Colección Diplomática del Monasterio de Celanova (842-1230)*, I, 842-942. Alcalá de Henares, 1996, nº 68.

37 Moulin, L., *La vie quotidienne des religieux au Moyen Âge, Xe-XVe siècle*. París, 1978, pp. 212 e ss. Para o caso do obenzal de Mixós en 1298, véxase C, D. *Celanova*, nº 89.

38 C.D. *Celanova*, nº 93.

39 Para o pago do touciño no Val de Celanova, véxase C.D. *Celanova*, nº 472.

40 Voz “colheita” en Santa Rosa de Viterbo, Fr. J., *op. cit.*, pp. 113-114. Para ás colleitas entregadas ó obenzal, véxase C.D. *Celanova*, nº 256, e tamén nº 562 e 613.

41 C.D. *Celanova*, nº 277 e 259.

Máis importante que o dos obenzais, semella ser o papel que xogan os mordomos á fronte da xestión patrimonial. Escudeiros, homes ou criados do abade case sempre laicos, atópanse ao servizo do abade, do convento ou dos obenzais, xestionando todas e cada unha das terras, coutos, xulgados e obenzas que forman parte do dominio de Celanova⁴².

Ás ordes de quen ostenta a titularidade na xestión das propiedades, son eles os que controlan a recollida dos froitos e garanten que as rendas proporcionais se axusten ao producido. Para logralo os foros insisten na necesidade de dar *todo pollo moordomo do dito vysteareo, o qual proveades comonalmente mentre ese froytos colerdes* ou, alí onde non hai obenzal, débese dar *todo per noso moordomo, o qual proveades comunalmente de comer et de beber mentre eses froytos collerdes*⁴³.

Posiblemente como refrexo da xestión das propiedades non agrupadas en obenzas, durante a segunda metade do século XV as funcións dos mordomos cobran cada vez maior importancia en detrimento dos obenzais⁴⁴. Atopamos os exemplos máis clarificadores na obenza de Mixós, excepcional pola cantidade de documentación conservada. Nela, durante a segunda metade do século XV o mordomo ostenta xunto ao xuíz, as competencias do obenzal. Tanto é así que non temos ningunha mención da existencia dun obenzal de Mixós dende que no ano 1451 aparece citado como tal frei Lopo de Larín⁴⁵. Sen embargo Mixós non é a única obenza na que o mordomo aparece á fronte, de tal xeito que nun documento do ano 1479 fálase de dar a renda *porlo noso moyordomo que tever a renda d'Albergaria*⁴⁶.

Ademais os mordomos semellan ter incluso un papel destacado na representación do abade e do mosteiro. Isto é o que sucede cando no ano 1488 o xuíz e o mordomo da obenza de Mixós reciben as propiedades desta obenza e couto que por algunha razón incumpriron as condicións do seu foro, atopámonos entre esas razóns a seguinte *por cuanto vendeu et enpenou a mayor parte do dito casar syn requeryr ao dito sennor don abade nin a seus mayordomos que por esta cabsa reçebyan ho dito casal segundo dito he*⁴⁷. Resulta sorprendente que sexan os mordomos do abade quen tiñan, entre outras, a

42 A importancia dos mordomos na xestión patrimonial monástica non é exclusiva de Celanova como demostra o estudo que sobre o rotello vello de Oseira fai Miguel Romaní; Romaní Martínez, M., "Rentas y administración de los bienes de un monasterio a principios del siglo XIV: el "Rotello vello" de Osera", *Boletín Auriense*, XVI, 1986, pp. 107-176.

Respeito á condición de laicos dos mordomos celanovenses, só existen tres mencións de relixiosos e todas pertencentes á derradeira década do século XV. A primeira, a de Xácome Sanxurxo que aparece como mordomo do mosteiro en dous preitos, a segunda dun monxe, Francisco de Fontiveros, que aparece como mordomo do mosteiro en 1495, e a terceira a dun crego, Pedro Eanes en 1500. *C.D. Celanova*, nº 798, 897, 910, 913, 916 e 962.

43 *C.D. Celanova*, nº 259 e 273.

44 No ano 148[1] os vasallos da Terra da Degaña, hoxe Freás (Encomuña), deben ser obedientes *a nos, ao noso moesteiro e ao moordomo*, *C. D. Celanova*, nº 721.

45 *C. D. Celanova*, nº 395 e 396.

46 *Renda* utilízase como sinónimo de *obenza* con certa frecuencia na documentación baixomedieval de Celanova. *C. D. Celanova*, nº 688.

47 *C. D. Celanova*, nº 806.

facultade de outorgar permiso para vender ou dar en piñor os bens aforados polo mosteiro na xurisdicción que xestionaban, incluso tendo en conta a inexistencia de obenzal dende 1451.

Se algo teñen en común os obenzais e os mordomos é que cada ún ao seu nivel, ambos os dous constrúen unha carreira persoal fundamentada no cargo como primeiro escalón. Unha vez máis os mordomos de Mixós sérvennos de exemplo, porque a coincidencia da obenza coas xurisdiccións de Mixós, Pazos e Verín, fai que ostenten o cargo de mordomo e con frecuencia simultánea ou sucesivamente, o de xuíz. O caso de Xoán Chamorro é modélico neste senso, posto que durante a segunda metade do século XV ostenta sucesivamente os cargo de xuíz e mordomo, chegando incluso a exercer ambos os dous cargos entre os anos 1478 e 1483⁴⁸.

Sen embargo, non é Mixós o único territorio que permite esta situación, o couto de Arnoia conta tamén cun caso paradigmático, Alfonso Meyjeiro, que pasa de mordomo no ano 1405 a xuíz no 1426⁴⁹.

4. CONCLUSIÓNS

O estudo da xestión patrimonial celanovense revela un panorama atípico tanto no que se refire ás estruturas administrativas que organizan as propiedades, coa convivencia do sistema bieito de obenzas e o cisterciense de granxas que centralizan e xerarquizan a produción de coutos, xulgados e terras, como no referido aos oficiais relixiosos e laicos que dirixen a súa explotación, cun progresivo protagonismo dos segundos (mordomos) en detrimento dos primeiros (obenzais).

Nen sequera é válida a asociación apriorística entre as obenzas como “oficios” aos que se lles outorgan as rendas precisas para subsistir, como evidencian as de Mixós e Santa Baia, e as granxas como simples xerarquizadores de territorios sen función expresa dentro da comunidades, como demostra o caso da Encomuña.

As causas desta configuración xestora e patrimonial posiblemente residen na complexa evolución secular que, á procura do mellor sistema administrativo, fixo evolucionar cada unidade territorial ou competencial –de oficio– para adaptarse ao entorno socio-económico. Porque se ben é certo que os criterios que rixen a ordenación do patrimonio respostan ante todo á lóxica interna da institución monástica, non é menos certo que as relacións co entorno puideron afectar grandemente á elección do sistema administrativo e, sobre todo, dos responsables laicos da súa xestión, establecendo vínculos e alianzas coa pequena nobreza fundamentais para a supervivencia da institución.

48 C. D. *Celanova*, nº 680, 715 e 748.

49 C. D. *Celanova*, nº 220 e 271.